

Moito
Conto!

Concurso de Booktrailer



● Bases do Concurso

O Concello de Culleredo, a través da Concellería de Xuventude e do CIPAX convoca o concurso de booktrailer “Moito Conto!”

Co fin de promover e difundir a lectura e a comunicación entre os mozos e mozas do Concello de Culleredo así como a súa creatividade.

1. Tema

- Os proxectos poden tratar sobre calquera libro, tema, idioma e/ou soporte sempre que sexa unha copia legal.
- Poden realizarse booktrailers, booktube ou calquera tipo de proxecto audiovisual dirixido á animación lectora.
- Ten que estar feito en galego. Valorarase positivamente o feito de que aparezan obras en galego nos proxectos.
- O tratamento da crítica ten que ser sempre en positivo.
- Dado o caso, o vídeo ten que protexer a trama do libro, non pode desvelar nada relevante da historia.
- O tratamento e a linguaxe debe ser respectuoso, non debe ser groseiro e debe ser adecuado a todos os públicos.
- A gravación non pode durar máis de 3 minutos.
- Tanto a imaxe como o son deben ter os niveis adecuados para poderen ser reproducidos.
- Valorarase positivamente a calidade técnica e artística así como a creatividade dos proxectos, o risco narrativo e a intención de facer achegas ao audiovisual.

2. Participantes

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases:

- Mozas e mozos residentes en Galicia e que teñan unha idade comprendidas entre os 14 e os 30 anos –ambos incluídos- na data de finalización de admisión. As obras presentaranse a título individual.
- Todas as obras deben ser orixinais e inéditas.

3. Datas

O prazo para participar no concurso será o comprendido entre o 09 de Maio do 2023 ata as 24:00h do 28 de Maio do 2023.

Do 29 ao 30 de Maio o público votará a través das páxina de Facebook e Instagram de Xuventude Culleredo.

O 31 de Maio se dará a coñecer os gañadores do concurso.

4. Xurado

O Xurado estará integrado por 3 membros e o seu nomeamento difundirase nas redes sociais de Xuventude Culleredo

5. Premios

O concurso terá os seguintes premios:

- Premio do Xurado: O xurado entregará 2 premios. Un por cada tramo de idade.
 - De 14 a 17 anos
 - De 18 a 30 anos

- Premio do público: Este premio o outorgará o publico concedéndoo a obra que obteña un maior número de “Me gusta” no Instagram de Xuventude Culleredo (en caso de empate o Xurado será o encargado de seleccionar a peza gañadora)

Os premios consistirán en:

- Premio do Xurado: Diploma, 1 Ebook e un vale de 50€ para mercar libros na librería Copyburgo (un premio por categoría)
 - Premio do público: Diploma e un vale de 50€ para mercar libros na librería Copyburgo.
- Sorte entre os seguidores nas redes

Se sortearán a través do noso perfil de Instagram @xuventudeculleredo 3 vales de 25€ para mercar libros na librería Copyburgo

Para poder participar no sorteo terán que cumprir os seguintes requisitos.

- Seguir o perfil de instagram @xuventudeculleredo
- Facer «me gusta» (like) na publicación da obra que máis lles guste
- Cada perfil só terá unha participación no sorteo
- O Sorteo será realizado mediante a utilización da ferramenta EASYPROMOS, un sistema que permitirá designar de forma aleatoria, de entre la totalidade de participaci3ns, á persoa gañadora..

A partir do momento de dar a coñecer os premiados o gañador/a ten un prazo de 30 días para poñerse en contacto co CIPAX a través das nosas contas de Facebook (@xuventude.culleredo), Twitter (@cipaxculleredo) e Instagram (@xuventudeculleredo) ou ben enviando un correo electrónico a xuventudeculleredo@gmail.com

No caso de imposibilidade manifesta para contactar co gañador no prazo de 30 días a organización quedará eximida de calquera responsabilidade.

O premio se enviará a dirección de entrega que comunique o premiado/a (Dentro de Galicia) os gastos de envío correrán a cargo da Concellería de Xuventude

O premio non e canxeable por diñeiro en metálico nin por calquera outra compensación.

O premio é intransferible.

6. Presentación das Obras

As obras poderán presentarse do 09 ao 26 de Maio e deben enviarse por correo electrónico a cipax@culleredo.es acompañadas da seguinte documentación:

- Asunto da mensaxe : “ Concurso booktrailer”
- Nome do autor/a da obra
- Nome do Libro, autor/a e editorial
- Fotocopia do DNI

7. Uso das imaxes

-Calquera persoa que envíe as pezas a este concurso garante ser o/a autor/a exclusivo das mesmas.

-Calquera contido non axeitado, inapropiado ou ofensivo a xuízo da concellería de Xuventude non formará parte do concurso. Rexeitándose todas aquelas creacións cuxo contido inclúa imaxes violentas, sexistas, racistas ou que vulneren os dereitos fundamentais das persoas.

-A concellería de Xuventude reservarase o dereito de descalificar, non publicar ou borrar aquelas obras que non cumpran os requisitos técnicos, estéticos ou atenten contra os principios antes indicados.

-As obras non poder conter nin facer referencia a marcas e/ou produtos de terceiros con fins manifestamente publicitarios.

-Todos os participantes cederán o dereito de uso e reprodución da obra ó Concello de Culleredo para fins de promoción.

8. Protección datos de carácter persoal

Todos os participantes aceptan mediante a súa participación no concurso que os contidos que sexan publicados nas redes sociais e poden ser compartidos co resto de usuarios destas redes.

As persoas concursantes garanten o presentar as súas obras que as persoas que poidan aparecer nelas autorizan a súa publicación , incluídos os menores de idade a través dos seus pais ou titores.

Toda a información do concurso colgarase nas redes sociais de Xuventude Culleredo.